




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa no extremo sur. Parroquias: unha franxa meridional en San Xens de Bamio, e de norte a sur Santiago do Carril, San Pedro de Cea, Santa Baía de Arealonga, Santa Baía de Vilagarcía, San Salvador de Sobradelo, San Pedro de Fontecarmoa, Santa María de Rubiáns, San Pedro de Cornazo, San Martiño de Fóra de Sobrán, San Salvador de Sobradelo e San Martiño de Sobrán. Extensión: 26,10km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade con fronte costeira moi modificado pola localización dos núcleos urbanos de Vilagarcía de Arousa e Carril e as súas instalacións portuarias e industriais que condicionan en gran medida a dinámica erosivo-sedimentaria. A paisaxe xeral reflicte unha costa baixa con chaira intermareal, sectores microacantilados cada vez máis escasos e areais en calas con frecuencia de orixe artificial (entre dársenas e ao pé de paseos marítimos). O complexo sedimentario máis importante constitúeno as praias da Concha e Compostela ao norte do porto deportivo. A vertente costeira abarca principalmente a conca do río do Con de relevo aplanado na súa parte baixa, e ondulado cara á cabeceira, onde afloran unha serie de elevacións graníticas de cume redondeado que quedan en resalte configurando a paisaxe característica deste tipo de litoloxía. Cabe destacar os altos de Renza, Lobeira, O Pousadoiro e sobre todo O Sobreiro de 435m snm nos estribos do Alto da Meda-Xiabre.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aínda que a maior parte desta unidade componse dunha litoloxía na que a Granodiorita Biotítica do tipo Caldas de Reis, con orixe tardihercínica; no extremo noroccidental afloran materiais anteriores dispostos en bandas paralelas de dirección NO.-SE. Trátase de granitoides migmatíticos hercínicos, aínda que limitados ao leste por xistos e paragneises do Precámbrico-Silúrico do Grupo de Laxe, que tamén se atopan de forma puntual no centro da unidade. O Cuaternario móstrase en forma de depósitos aluviais seguindo os vales dos principais ríos, especialmente no Con, e continuándose no areal da Praia de Compostela.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido, con sectores un pouco máis Húmidos ao norte no Sobreiro e ao sur no Monte Lobeira, xa que rexistran até 1600mm de precipitación media anual.

OS SOLOS

Tramo costeiro moi transformado no que dominan os antroposols debido á presenza do núcleo urbano de Vilagarcía e a súa área de crecemento, ademais de pequenos sectores de areosols en relación cos depósitos sedimentarios costeiros. A diversidade edáfica do val do río relaciónase coa súa natureza litolóxica e a topografía. Nas áreas próximas á costa aínda estando bastante transformadas pola expansión urbanística presentan solos evolucionados tipo cambisol dístrico e úmbrico, que localmente manifestan procesos de podsolización e gleificación. Nas ladeiras son frecuentes os umbrisois dístrico-lépticos que dan paso co incremento da pendente a solos menos evolucionados do tipo regosol. Finalmente, os montes de Lobeira e O Sobreiro na cabeceira da unidade, mostran leptosols líticos.


AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade conduce a auga procedente da escorrentía dos relevos circundantes cara á chaira costeira na que se establece a cidade de Vilagarcía de Arousa, desembocando a maioría dos seus ríos na Enseada de Vilagarcía. A principal canle fluvial é o río do Con, aínda que polo norte tamén poden citarse os regatos de Guillán e Carballido; e como afluentes do río do Con, o río da Aldea, e os regatos de Leiro, da Lomba e de Santa Mariña. Todos eles verten as Augas de Transición de Arousa (20476), aínda que a partir do porto de Vilaxoán cara ao sur, esta unidade é bañada polas Augas Costeiras da ría (20160).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade coa fronte completamente artificial e o interior moi transformado polo ser humano. Na liña de costa só se destacan os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais someiros en praias tamén modificadas antrópicamente. A nivel continental achégaa unha extensión de terreo cultivado e urbanizado, polo que os bosques ripícolas (91E0), aínda existindo, están empequeñecidos e degradados por especies de repoboación ou de xardín. O río do Con e o Rego de Leiro, o seu afluente, achegan neste sentido con maior consistencia, aínda que non existe continuidade nun bosque de ribeira moi fragmentado. Hai que recorrer tamén ás formacións de recolonización procedentes do abandono de superficie agraria, favorecidas por procesos de hidromorfía na horizontalidade, e ás veces lixeira concavidade, da chaira costeira. Por último, débense citar os restos de antigas carballeiras (9230) e soutos (9260) en diferentes núcleos, normalmente sobre eles entre a zona agraria e a forestal.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta ampla unidade inclúe a práctica totalidade do núcleo urbano de Vilagarcía, que ocupa boa parte da franxa litoral e proxéctase cara ao interior, ao longo de vías de comunicación, sobre as que se apoiaron crecementsos radiais da cidade e outros asentamentos menores, así como instalacións industriais e equipamentos públicos, especialmente na N-640 que conecta Vilagarcía con Pontevedra. No resto do territorio, ademais das infraestruturas de comunicación e enclaves de carácter puntual, os usos responden aínda ao modelo tradicional; nas zonas máis altas, aparecen matogueiras de substitución xunto a bosques mixtos intercalados con extensas áreas dedicadas á produción madeireira (eucalipto e piñeiro), nas zonas chairas, organizadas ao redor de asentamentos de carácter tradicional, áreas agrícolas onde os viñedos e os campos de labor se asentaron xunto a pequenos rodais de bosque de recolonización. Destacar a importante actividade marisqueira que se dá en toda a costa perfectamente integrada nunha dinámica económica baseada no turismo e apoiada na pequena industria.

MORFOLOXÍA

Vilagarcía (NL) e o seu porto ocupan a parte central da fronte costeira da unidade, de marcado carácter urbano, Dende Carril até Vilaxoán. Estes dous NL, coas súas respectivas instalacións portuarias, teñen unha personalidade propia e diferenciada da cidade de Vilagarcía, un armazón urbano compacto e denso vinculado ao porto que ha ir estendéndose de forma lineal ao longo da estrada N-640 en dirección a Pontevedra, a C-550 que discorre paralela á costa e a PO-301 que se dirixe cara ao sur. Carril e Vilaxoán son dous núcleos costeiros tradicionais que conservan en boa medida o seu carácter, aínda que tamén creceron notablemente, até fundir os seus bordos cos de Vilagarcía. Na área interior o modelo de núcleos tradicionais asociados con agras de cultivo segue presente, aínda que considerablemente transformado pola construción de vivendas unifamiliares illadas. A progresiva execución ou mellora das infraestruturas de comunicación e a ampliación das instalacións portuarias, xunto co crecemento da área densa da cidade complica este agregado urbano que no seu conxunto constitúe a oitava cidade de Galicia.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No centro de Vilagarcía conflúen as dúas vías principais da unidade: a estrada da costa C-550 e a N-640 que se dirixe a Caldas de Reis, onde enlaza coa AP-9 e a N-550. A C-531 comunica directamente a N-640 con Pontevedra Dende o cruzamento de Santa Catalina. A PO-301 comunica, a través do Alto de Lobeira, a costa con Pontearnelas e o curso baixo do río Umia. A partir deste viario principal unha serie de estradas de ámbito local interrelacionan todos os elementos da unidade, creando unha densa rede de comunicacións. A estación de ferrocarril de Vilagarcía comunícaa con Vigo e A Coruña, seguindo o eixo atlántico, obxecto de mellora neste tramo. O porto, ademais dun importante punto de tráfico de mercancias, conta con terminal para transatlánticos e club náutico.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Numerosos vestixios indicannos a presenza de antigos asentamentos humanos nestas terras. En Bamio apareceron uns gravados que representan cervos, cazoletas e círculos datados no II milenio a. C. O gravado da Pedra de Meán foi declarado Bien de Interés Cultural. De cultura celta permanecen os restos dos castros de Carril, Castrogudín, Alobre ou Lobeira. Estes castros serían romanizados posteriormente e constituirían a semente da que, anos despois, nacería a actual Vilagarcía. A cidade foi a primeira localidade galega en levantarse contra os franceses (1808) e o destino da primeira liña de ferrocarril da Comunidade (Santiago-Carril) permitindo o desenvolvemento do porto e dun puxante sector turístico cuxo máximo expoñente é o antigo balneario de Vilagarcía. Varias vivendas de época colonial lembran que no século XVIII vicerreis, marqueses e grandes terratenentes de América tiñan aquí a súa residencia. Mencionar tamén o estupendo pazo-convento de Vista Alegre declarado Ben de Interés Cultural. O abundante conxunto que forman os edificios de vivendas, casas solaregas, pazos e vilas sumados á rica arquitectura relixiosa e popular dotan a Vilagarcía de Arousa dunha gran singularidade e a mostran como un enclave fundamental da comarca sobre a que se asenta.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Vilagarcía é a capital da comarca de Arousa e érguese como o principal motor económico e demográfico de toda a zona. Polas súas características xeográficas, e complementada polos núcleos de Carril e Vilaxoán, esta totalidade consolídase como un centro turístico dotado de todos os servizos propios dunha cidade aberta ao mar e ben comunicada. É precisamente a rede de estradas a que vertebra o territorio organizando diferentes espazos o redor dunha cabeceira municipal que xera sinerxías. Estes fluxos repercuten directamente na organización do solo establecéndose un claro proceso de transición entre o interior (base económica apoiada no sector primario) e a costa (forte desenvolvemento do sector servizos apoiado nas potencialidades turísticas da zona).

DINÁMICA DA PAISAXE

Os cambios ocorridos nos últimos 50 anos nun aspecto fundamental, o crecemento da poboación. Este feito supón unha transformación da paisaxe que deixa de ser maioritariamente agraria para transformarse en urbana, incrementando para iso o número de infraestruturas necesarias para a súa expansión. O crecemento de Vilagarcía está ligado ao desenvolvemento do porto que gaña terreo ao mar para a creación de novos diques xerando, á súa vez, novos espazos de lecer e servizos. Todo este proceso implica un cambio na base económica que repercute no abandono de moitas parcelas dedicadas a labores agrarios e que pasaron a ser ocupadas por vivendas e edificios industriais. Prodúcese un despegue do sector turístico que implica unha potenciación dos recursos naturais como as praias da Cuncha e Compostela, que ven incrementada a súa superficie á vez que se dotan de todos os servizos necesarios para satisfacer a demanda dun número crecente de visitantes.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O perfil intrincado da ría de Arousa, a ausencia doutras cotas relevantes que o Monte Xiabre e a notable transformación urbana, outorgan un gran protagonismo ás visuais de media e mesmo curta distancia, e por iso ás fronteiras litorais. Neste sentido Vilagarcía perdeu unha parte dos seus valores, aínda que a cambio de reforzar moi notablemente a forza produtiva do porto; con todo Carril, Vilaxoán e os tramos de costa non ocupados polo porto, como a praia de Compostela, debido aos seus propios atractivos e á presenza da illa de Cortegada, outras pequenas illas e illotes e as bateas, activan visuais cruzadas moi emblemáticas e dunha alta calidade paisaxística. Esta unidade contén un excelente miradoiro no Monte Lobeira por ofrecer amplas panorámicas da ría de Arousa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS























A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:26.043

0 100 200 400 600 800
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



